



Concello de Vigo  
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Expte: 1244/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

### **Antecedentes**

En data 28.06.2022 D. [REDACTED] solicita acceso a información pública respecto do número de expedientes sancionadores e contía das sancións pola comisión da infracción prevista no artigo 30.1.n da Ordenanza Reguladora do uso e desfrute das praias (exptes 14674/306, BOP 21 de maio de 2021) na que tipifica como infracción leve a evacuación fisiolóxica no mar ou nos arenais como infracción leve. Así mesmo solicita coñecer os feitos incriminados, previa eliminación dos datos persoais contidos nelas.

En data 14.09.2022 remítese informe por parte do Servizo de Medio Ambiente

### **LEXISLACION APLICABLE**

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público](#) (LRXSP)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local](#) (LBRL)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#) (LPAC)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno](#) (LTAIBG)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais](#) (LOPDGDD)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE](#) (RGPD)

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

*Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."*

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de

Copia do documento - Concello de Vigo 1244-1102	Data impresión: 03/03/2023 09:43	Páxina 1 de 3
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada o Servizo de Medio Ambiente emite informe no que sinala que ao día da data (14.09.2022), non constan neste servizo expedientes sancionadores resoltos ou en trámite relativos ao asunto de referencia.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Comunicar ao solicitante que segundo informe do Servizo de Medio Ambiente non constan neste servizo expedientes sancionadores resoltos ou en trámite.

**SEGUNDO.-** Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:43	Páxina 2 de 3
1244-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

**DECRETO:** Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 09:43	Páxina 3 de 3
1244-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		